

## **ANEXO II.**

# **PREVISIÓN ORIENTATIVA PARA O LEVANTAMENTO DAS LIMITACIÓNS DE ÁMBITO NACIONAL ESTABLECIDAS NO ESTADO DE ALARMA, EN FUNCIÓN DAS FASES DE TRANSICIÓN A UNHA NOVA NORMALIDADE**



**Concello do Carballiño**

**Nota.- Esta previsión é orientativa e non ten carácter exhaustivo. As decisións e as datas concretas sobre o efectivo levantamento das limitacións establecidas durante o estado de alarma determinaranse a través dos correspondentes instrumentos xurídicos. O réxime común aplicable a todas as medidas tamén poderá ser adaptado, en función da evolución da pandemia ou doutras circunstancias xustificadas.**

Réxime común aplicable a todas as actividades:

- (i) Calquera actividade permitida deberá desenvolverse en condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social. O uso das máscaras fóra do fogar é conveniente e altamente recomendable cando non poida garantirse o distanciamento social. Igualmente, deberase facilitar a dispoñibilidade e o acceso a solucións hidroalcohólicas para practicar unha hixiene de mans frecuente.
- (ii) Todos os locais e demais establecementos, así como o seu equipamento, das actividades permitidas deberán ser periodicamente desinfectados e hixienizados.
- (iii) Con carácter xeral, ata alcanzar a nova normalidade que se consegue ao superar a fase III, non se permitirá viaxar a provincias diferentes a aquela onde se resida, agás polas causas xustificadas. Unha vez na etapa de nova normalidade, poderase viaxar entre provincias cando ambas superasen a fase III.
- (iv) Todas as actividades e as súas limitacións sinaladas no seguinte cadro manteranse nas fases sucesivas da desescalada, agás que se sinalen outras limitacións diferentes.
- (v) As viaxes que se efectúen, calquera que sexa o medio de transporte, deberán facerse para a realización das actividades permitidas.

ÁMBITO DE ACTIVIDADE	FASE 0	FASE I	FASE II	FASE III
<b>LABORAL</b>	<p>Teletraballo preferente, nas empresas e postos onde sexa posible.</p> <p>Entradas e saídas graduais en centros de traballo.</p>	<p>Análise das esixencias de prevención de riscos laborais necesarias nas distintas actividades, adaptadas á COVID-19.</p>		<p>Protocolos de reincorporación presencial ás empresas para a actividade laboral (uso de EPI e/ou outras medidas de seguridade), con horario graduado e garantías de conciliación.</p>

<p><b>PERSOAL</b></p>	<p><i>-Posible adopción de medidas extraordinarias adicionais nas illas que xa estean en condicións de acceder á fase I-.</i></p> <p>Paseos de nenos/as, persoas maiores e persoas que conviven.</p> <p>Atención de hortos familiares, de autoconsumo, sempre que estean no mesmo termo municipal que o do domicilio, ou un adxacente a este e que se adopten as debidas precaucións hixiénicas ou de distanciamento social.</p> <p>Necesaria xestión da demanda de mobilidade (flexibilidade de hora punta etc.) para evitar aglomeracións.</p> <p>Reforzo de mensaxes e carteis en zonas con posibles aglomeracións (estacións de tren e autobús, paradas de metro e autobús, aeroportos, portos etc.), que recorden a distancia de seguridade, as medidas de hixiene etc.</p> <p>Recomendación alta de máscara en transportes públicos e todo tipo de actividades fóra do fogar.</p>	<p>Establecemento de medidas para a protección específica de todos os grupos vulnerables no desenvolvemento das medidas de alivio.</p> <p>Contacto social en grupos reducidos para persoas non vulnerables nin con patoloxías previas.</p> <p>Limitación de ocupación dos vehículos privados, salvo en persoas que residan no mesmo domicilio, que poderían ir xuntas.</p> <p>Velorios para un número limitado de familiares, con protocolos de distancia física e seguridade.</p>	<p>Establecemento de medidas para a protección específica dun número reducido de grupos vulnerables no desenvolvemento das medidas de alivio.</p> <p>Contacto social en grupos máis amplos para persoas non vulnerables nin con patoloxías previas.</p> <p>Permítense as viaxes a segundas residencias, sempre que estean na mesma provincia.</p> <p>Vodas para un número limitado de asistentes.</p> <p>Velorios para un número menos limitado de familiares, con protocolos de distancia física e seguridade.</p>	<p>Establecemento de medidas para a protección específica de grupos vulnerables puntuais no desenvolvemento das medidas de alivio.</p> <p>Contacto social para persoas non vulnerables nin con patoloxías previas.</p> <p>Velorios para un número máis elevado de persoas, con protocolos de distancia física e seguridade.</p> <p>Vodas para un número máis elevado de asistentes.</p>
-----------------------	---	--	---	---



<b>SERVIZOS SOCIAIS</b>	Completar a incorporación de traballadores/as sociais, dada a súa importancia na protección de colectivos especialmente vulnerables.	<p>Reactivación progresiva dos servizos sociais, con atención prioritaria a colectivos máis desfavorecidos, en función das recomendacións sanitarias establecidas.</p> <p>Entre eles, e en atención ás persoas con discapacidade, as terapias de atención temperá, ocupacionais, de rehabilitación e psicosociais.</p> <p>Atención domiciliaria e seguimento continuo a persoas maiores que non vivan en residencias.</p>	Visitas dun familiar a persoas con discapacidade en residencias e vivendas tuteladas (salvo no caso das residencias de maiores).	Previsión de desescalada e revisión do modelo de residencias de maiores.
-------------------------	--	---	--	--



Consejo de Castalia

<b>EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES</b>	Fomentarase a educación en liña ou a distancia.	<p>Os centros educativos abrirán para a súa desinfección, acondicionamento e traballo administrativo e preparatorio do persoal docente e o persoal auxiliar.</p> <p>Apertura de universidades para a súa desinfección e acondicionamento, e para xestións administrativas e de investigación.</p> <p>Apertura de laboratorios universitarios.</p>	<p>Apertura de infantil ata 6 anos para familias que acrediten que os proxenitores teñen que realizar un traballo presencial sen posibilidade de flexibilidade horaria e sempre con limitación de prazas.</p> <p>Con carácter voluntario para o alumnado, os cursos terminais (4º de ESO, 2º de Bacharelato, 2º de FP dos graos medio e superior e último ano de Ensinanzas de Réxime Especial) comezarán con división dos grupos de máis de 15 estudantes ao 50 % para asistencia alterna ou en semigrupos paralelos.</p> <p>Permítese a apertura dos centros de Educación Especial e a asistencia do alumnado terá carácter voluntario.</p> <p>EBAU</p> <p>Os centros educativos prepararán programas de reforzo para desenvolver no centro destinados ao alumnado non mencionado anteriormente.</p>	
-------------------------------------	---	---	--	--



Consejo de Castalia

--	--	--	--	--



Consello de Castalia

<p><b>CIENCIA E INNOVACIÓN</b></p>		<p>Reapertura gradual das instalacións científico-técnicas que quedaron pechadas na primeira fase da pandemia por non considerarse esenciais a curto prazo.</p> <p>Poderanse celebrar seminarios e congresos científicos ou innovadores, respectando unha distancia social de máis de 2 metros e con menos de 30 asistentes, e garantindo o cumprimento de protocolos de seguridade</p>	<p>Seminarios científicos ou innovadores, sempre que se respecte unha distancia social de máis de 2 metros e haxa menos de 50 participantes, e que se garanta o cumprimento de protocolos de seguridade.</p> <p>Apertura das residencias para persoal investigador supeditada ás condicións establecidas para os establecementos hoteleiros.</p> <p>Apertura ao público dos museos de ciencia e tecnoloxía e das casas da ciencia, baixo as mesmas normas vixentes para os demais museos e centros culturais.</p>	<p>Seminarios, congresos e feiras científicas ou de innovación, sempre que se respecte a distancia social de máis de 2 metros e haxa menos de 80 persoas, e que se garanta o cumprimento de protocolos de seguridade.</p> <p>Actividades de divulgación científico-técnica, obradoiros informativos, coas restricións necesarias.</p>
------------------------------------	--	---	---	---



Concello do Carballiño

<p><b>COMERCIO POLO MIÚDO E ACTIVIDADES DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS</b></p>	<p>Apertura de locais e establecementos con cita previa para a atención individual da clientela. Estes locais deberán contar con mostrador, pantalla ou, cando isto non sexa posible, garantir o máximo de protección individual.</p> <p>Establecerase un horario de atención preferente para persoas maiores de 65 anos.</p> <p>Cando o servizo profesional requira ter contacto coa clientela será obrigatorio o uso de medidas de protección, como máscara ou luvas.</p>	<p>Apertura xeneralizada dos locais e establecementos comerciais que non teñan carácter de centro ou parque comercial.</p> <p>Isto non altera a actividade dos establecementos situados en centros comerciais aos que se lles permitiu seguir abertos ao público durante o estado de alarma.</p> <p>Capacidade limitada ao 30 %. Garantirase unha distancia mínima de 2 metros entre clientes.</p> <p>Cando isto non sexa posible, permitirase unicamente a permanencia dun cliente.</p> <p>Establecerase un horario de atención preferente para persoas maiores de 65 anos.</p> <p>Cando así o propoña o concello correspondente, tamén poderán reiniciar a súa actividade os mercados ao aire libre/venda non sedentaria (mercados) na vía pública, con condicións de distanciamento entre postos, e delimitación do mercado ambulante para correcto control da capacidade polas forzas de seguridade. Limitación inicial ao 25 % dos postos habituais ou aumento de superficie para asegurar o mantemento da distancia de seguridade entre os postos e os viandantes.</p>	<p>Apertura ao público dos centros ou parques comerciais, pero con prohibición de permanecer nas zonas comúns ou áreas recreativas.</p> <p>Capacidade limitada ao 40 %. En calquera caso, deberase garantir unha distancia mínima de 2 metros entre clientes.</p> <p>Nos locais nos que non sexa posible a devandita distancia, permitirase unicamente a permanencia dentro do local dun cliente.</p> <p>Establecerase un horario de atención preferente para persoas maiores de 65 anos.</p> <p>En venda non sedentaria ou mercados ao aire libre, poderá ampliarse o número de postos, que poden operar a 1/3 parte dos habituais, ou distancia de separación similar con aumento de superficie, coas medidas sinaladas na fase I.</p> <p>Apertura dos centros educativos e de formación (autoescolas, academias etc.) que non estean incluídos nos apartados de educación e ciencia. Estableceranse as medidas de distanciamento, hixiene e protección oportunas.</p>	<p>Levántase a prohibición de utilización das zonas comúns e zonas recreativas dos centros comerciais.</p> <p>Capacidade limitada ao 50 %. A distancia de seguridade manterase en 2 metros.</p> <p>Os mercados ao aire libre/venda non sedentaria, poderán incrementar a súa actividade ata alcanzar o 50 % dos postos ou realizar un aumento da superficie que permita unha distancia similar entre postos, a criterio dos concellos, que deben garantir a distancia de seguridade de 2 metros entre as persoas.</p>
--	---	--	--	---



<p><b>HOSTALERÍA, RESTAURANTES E CAFETERÍAS</b></p>	<p>Apertura de restaurantes e cafeterías con entrega para levar. Sen consumo no local.</p>	<p>Apertura de terrazas: limitarase ao 30 % das mesas permitidas en anos anteriores segundo a licenza municipal e aseguraranse as distancias. Poderían ter maior número de mesas, se o concello permite máis espazo dispoñible, respectando a proporción mesas/superficie do 30 % e cun incremento proporcional de espazo peonil no mesmo tramo da vía pública.</p>	<p>Para establecementos, consumo no local con servizo en mesa con garantía de separación entre clientes en mesa e entre mesas, excepto discotecas e bares nocturnos.</p> <p>Limitación a 1/3 da capacidade. Só consumo sentados ou para levar.</p>	<p>Para locais, estenderase a capacidade dun máximo de 1/2 que garanta a separación de clientes. Permítese xente de pé con separación mínima de 1,5 metros entre a clientela da barra.</p> <p>En terrazas: limitarase ao 50 % das mesas permitidas en anos anteriores segundo a licenza municipal. Poderían ter mesas se o concello permite máis espazo, respectando a proporción mesas/superficie do 50 %.</p> <p>Discotecas e bares nocturnos con capacidade máxima de 1/3.</p>
<p><b>HOTEIS E ALOXAMENTOS TURÍSTICOS</b></p>	<p>Non se permite actividade, agás excepcións xa reguladas.</p>	<p>Apertura sen utilización de zonas comúns e con restricións, por exemplo, en restauración, entre outras actividades; desinfección e reforzo de normas de saúde e hixiene.</p>	<p>Apertura de zonas comúns limitadas a 1/3 da capacidade, agás hostalería, restaurantes e cafeterías que estarán suxeitos ás restricións previstas para este sector.</p>	<p>Apertura de zonas comúns limitadas a 1/2 de capacidade, agás hostalería, restaurantes e cafeterías que estarán suxeitos ás restricións previstas para este sector.</p>



<b>AGRICULTURA</b>		<p>Apertura de actividades do sector agroalimentario e pesqueiro que mantiñan restricións.</p> <p>(*) As actividades comerciais agrícolas e gandeiras rexeranse polas regras de comercio polo miúdo (viño envasado, animais vivos). Os mercados de proximidade regúlanse no apartado de comercio polo miúdo.</p>	Inicio da caza e a pesca deportiva.	
--------------------	--	--	-------------------------------------	--



Consejería de Castelleño

<p><b>ACTIVIDADES CULTURAIS E DE LECER</b></p>	<p>Apertura de arquivos.</p>	<p>Bibliotecas (préstamo e lectura con limitación de prazas).</p> <p>Actos e espectáculos culturais de menos de trinta persoas en lugares pechados (con 1/3 de capacidade).</p> <p>Actos e espectáculos culturais ao aire libre de menos de 200 persoas (sempre e cando estean sentadas e mantendo a distancia necesaria).</p> <p>Museos (só visitas, non actividades culturais) 1/3 da capacidade con control de aglomeracións en salas.</p> <p>Turismo activo e de natureza para grupos limitados de persoas.</p> <p>Producción audiovisual e rodaxe de cine e series.</p>	<p>Cines, teatros, auditorios e espazos similares (con butaca preasignada) cunha limitación de 1/3 da capacidade.</p> <p>Monumentos e outros equipamentos culturais (só visitas; non actividades culturais):1/3 da capacidade.</p> <p>Salas de exposicións, salas de conferencias e salas multiuso: 1/3 da capacidade, con control de aglomeracións.</p> <p>Actos e espectáculos culturais de menos de 50 persoas en lugares pechados: 1/3 da capacidade.</p> <p>Actos e espectáculos culturais e de lecer ao aire libre de menos de 400 persoas (sempre e cando estean sentadas e mantendo a distancia necesaria).</p> <p>Turismo activo e de natureza para grupos máis amplos de persoas.</p>	<p>As actividades con 1/3 de capacidade na fase II poderán pasar á metade da capacidade nesta fase.</p> <p>Salas de artes escénicas e musicais cunha limitación de capacidade de 1/3.</p> <p>Actos e espectáculos culturais de menos de 80 persoas en lugares pechados (1/3 de capacidade).</p> <p>Prazas, recintos e instalacións taurinas cunha limitación de capacidade que garanta unha persoa por cada 9 m<sup>2</sup>.</p> <p>Actos e espectáculos culturais, parques temáticos e de lecer ao aire libre de menos de 800 persoas (sempre e cando estean sentadas e mantendo a distancia necesaria).</p> <p>Turismo activo e de natureza.</p> <p>Praias, en condicións de seguridade e distanciamento.</p>
--	------------------------------	--	---	---



Consejo de Castalla

<b>DEPORTE PROFESIONAL E FEDERADO</b>	Adestramentos individuais de profesionais e federados. Adestramento básico de ligas profesionais. Actividade deportiva sen contacto.	Apertura de centros de alto rendimento con medidas de hixiene e protección reforzadas e, se é posible, quendas. Adestramento medio en ligas profesionais.	Adestramento básico en ligas non profesionais federadas. Adestramento total en ligas profesionais. Reapertura de campionatos profesionais mediante partidos a porta pechada ou con limitación de capacidade, que poden ser retransmitidos.	Adestramento medio en ligas non profesionais federadas.
---------------------------------------	--	--	--	---

<p><b>DEPORTE NON PROFESIONAL</b></p>	<p>Actividade deportiva sen contacto (montar en bicicleta, correr, patinar, facer surf etc.), sempre que se realice de forma individual e coa protección adecuada (distancia, máscara en deportes non acuáticos, cando sexa posible etc.).</p>	<p>Instalacións deportivas ao aire libre sen público (só para practicar deportes nos que non exista contacto: atletismo, tenis).</p> <p>Actividades deportivas individuais con previa cita en centros deportivos que non impliquen contacto físico nin uso de vestiarios.</p>	<p>Espectáculos e actividades deportivas ao aire libre con capacidade limitada, en termos similares ás actividades culturais e de lecer desta fase.</p> <p>Instalacións deportivas en espazos pechados sen público (só para practicar deportes nos que non exista contacto ou o risco de contaxio sexa baixo).</p>	<p>Espectáculos e actividades deportivas ao aire libre con capacidade menos limitada, en termos semellantes ás actividades culturais e de lecer desta fase.</p> <p>Espectáculos e actividades deportivas en espazos pechados (só para practicar deportes nos que non exista contacto ou o risco de contaxio sexa moderado; por ex., pista de patinaxe). Público limitado a unha persoa por cada 20 m<sup>2</sup>.</p> <p>Partidos cun máximo de 1/3 da capacidade, sempre que se garanta a separación de seguridade entre os espectadores, e actividades deportivas ao aire libre ou cun máximo de 1/3 da capacidade de ximnasios, sen uso de vestiarios.</p>
<p><b>LUGARES DE CULTO RELIXIOSO</b></p>		<p>Limitación de 1/3 da capacidade.</p>	<p>Limitación de 1/2 da capacidade.</p>	



<b>MOBILIDADE TERRESTRE DE MEDIA E LONGA DISTANCIA (FERROVIARIA E EN AUTOBÚS)</b>	Mantemento das condicións actuais (limitación de número de servizos ao 30 % respecto ao período normal).  Na distribución da ocupación prestarase especial atención á habilitación de espazos para persoas con discapacidade.	Mantemento das condicións actuais (limitación de número de servizos-oferta de servizos ao 30 %). Limitación de ocupación ao 50 % dos vehículos.  Prohibición de <i>catering</i> en trens.	Posible incremento da ocupación dos vehículos (autobuses e trens).
<b>MOBILIDADE AÉREA</b>  (SUXEITA A ACORDO EUROPEO OU INTERNACIONAL EN MATERIA DE SEGURIDADE)			



<b>TRANSPORTE MARÍTIMO</b>	<p>Mantemento das condicións actuais.</p> <p>Na distribución da ocupación prestarase especial atención á habilitación de espazos para persoas con discapacidade.</p>	<p>Mantéñense as condicións actuais, agás que se acorde algo diferente coas comunidades e cidades autónomas afectadas no grupo de traballo.</p> <p>Ocupación: 50 % en butaca ou separación de butacas a máis de 2 metros. 100 % en camarotes, sempre que sexan ocupados por persoas que residan no mesmo domicilio.</p>	<p>Elimínase a limitación normativa de non embarcar pasaxeiros nos transbordadores, en función da evolución dos parámetros sanitarios.</p> <p>Autorízanse actividades náuticas de recreo.</p>
--------------------------------	--	---	---